
Praza da Peixería

7 ao 16 de agosto de 2008

ALBAROUSA

XXVII MOSTRA DO VIÑO ALBARIÑO ARTESANAL
SEMANA GASTRONÓMICA



PROGRAMA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

UNION EUROPEA
FEDER

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE PONTEVEDRA

ZONA ABERTA
Asociación Comerciantes de Vilagarcía

CAIXAGALICIA

Concello de Vilagarcía de Arousa

XOVES 7

21,00 h

Inauguración oficial da Mostra polas autoridades, presentado por D. Manuel Suarez e lectura do pregón por D. Daniel Garrido Castromán.

Co ánimo de comparti-la sona que tiveron os colectivos sociais na pasada edición, Albarousa pon de novo a disposición destas entidades un posto durante toda a Mostra, para que dan a coñecer as súas actividades e poidan recaudar fondos coa venda dos produtos artesanais e postres caseiros. Hoxe xoves, venres e sábado correspóndelle á Asociación de Discapacitados Psíquicos "Con Eles".

Nesta edición, Albarousa destinará un módulo con capacidade para cinco adegas, para á venda de viño albariño elaborado en barrica de madeira. Unha vez máis, esta Mostra de Vilagarcía é pioneira en innovacións para potenciar a venda e promoción do Albariño.

21,00 h

Actuación da agrupación folklórica de gaitas e baile "Nós" de Sobradelo, composto por 30 membros, os cales deleitaranos cun esmerado repertorio escollido entre as mellores pezas da danza popular galega.

23,00 h

Animación a cargo dun grupo de pandereteiras desta mesma asociación.

VENRES 8

Continuará a Asociación "Con Eles" expoñendo e vendendo os produtos e postres artesanais feitos polos seus asociados, no posto que ten cedido Albarousa para tal fin.

12,30 h

Comezará un curso olfativo e de degustación para nenos, buscando coñecer o sabor e olor de distintos produtos, o curso estará a cargo dun profesional do sector da alimentación.

O concello entregará distintivos ós nenos participantes e diplomas para os máis aplicados. Colabora Zona Aberta coa súa mascota, Caixa Galicia cun agasallo, e Clesa con iogures de distintos sabores.

23.00 h

Actuará a Agrupación Folklórica "Celme" de Pontevedra e ofreceranos un esmerado repertorio composto polas mellores pezas da danza popular galega. Esta agrupación leva dende 1984 traballando a prol da cultura popular galega.

Actuación patrocinada pola Excma. Deputación de Pontevedra.

SABADO 9

Continuará a Asociación "Con Eles" expoñendo e vendendo os produtos e postres artesanais feitos polos seus asociados, no posto que ten cedido Albarousa para tal fin.

12,00 a 14,00 h

Os membros desta asociación farán unha demostración das manualidades que logo venderán.

23,00 h

Actuará "A Nosa Terra", de Mos. Esta grupo nace no ano 1981, como resposta ás inquedanzas da xuventude da parroquia de Pereiras (Mos) no eido do folklore e da cultura da nosa terra.

Nestes momentos o repertorio abrangue toda clase de danzas, dende as mariñeiras da costa ata as campesinas do interior, danzas señoriais e picarescas: Danza das patelas, ribeirana, muiñeira, pandeiro, pandeiretada, espantallo, churrusqueira, carballesa, xota, etc.

Conta con numerosas actuacións nacionais e internacionais.

Finalizada a Mostra invitarase ós presentes a unha QUEIMADA patrocinada pola adega TOMADA DE CASTRO.

Actuación patrocinada pola Excma. Deputación de Pontevedra.

DOMINGO 10

A Asociación "Clube de Remo Vilaxoán-Porto de Vilagarcía" será a entidade que no domingo e o luns disporá do posto cedido por Albarousa, para que, a través da venda de artigos artesanais e postres caseiros, poida recaudar fondos para a súa causa.

ELABORACIÓN DE PRATOS GASTRONÓMICOS

12,45 h

Co obxectivo de amosar a gastronomía máis tradicional de Galicia, presentarase un cociñeiro artesán e experimentado na técnica galega de cociñar enriba da pedra, e nos amosará a sixeleza do manexo dos mellores productos e o exquisito sabor do prato cociñado deste xeito.

Rememorando unha tradición con máis de dous mil anos de antigüedade xurdida nos castros celtas galegos, ofreceremos diferentes elaboracións culinarias enriba dunha pedra centenaria quecida co lume de madeira de carballo.

A degustación destes pratos será de balde.

23,00 h

Actuación da Agrupación Municipal de Música e Baile Tradicional de Cuntis, composta por 68 persoas que daranos a coñecer a riqueza do folclore deste pobo galego, grazas ás pezas recollidas da tradición musical da comarca e que este grupo recuperou con esmero.

Actuación patrocinada pola Excma. Deputación de Pontevedra.

LUNS 11

A Asociación "Clube de Remo Vilaxoán-Porto de Vilagarcía" seguirá coa venda de produtos artesanais e postres típicos.

20,00 h

Precata de viños presentados ó concurso na modalidade de adegas artesanais.

22,30 h

Actuación do grupo de gaitas e baile "SAN PEDRO DE CEA", o cal faranos pasar unha velada inolvidable poñendo a o noso alcance o mellor da música e baile tradicional da nosa terra.

Actuación patrocinada polo Concello de Vilagarcía.

MARTES 12

A Asociación Cultural San Pedro de Cea será a entidade que no martes, mércores e mais no xoves disporá do posto cedido por Albarousa, co fin de recaudar fondos para esta encomiable laboura coa venda de artigos artesanais e postres caseiros.

20,00 h

Precata de viños presentados ó concurso na modalidade de grandes adegas.

23,00 h

Actuación da Agrupación folclórica "Trompos ós Pes" de Marín, que será a encargada de animar ós presentes, lembrando o baile popular galego. Acompáñaos o seu grupo de pandereteiras, gaitas e tambor.

Actuación patrocinada pola Excma. Deputación de Pontevedra.

MÉRCORES 13

A Asociación Cultural San Pedro de Cea seguirá coa venda de produtos artesáns e postres típicos.

XORNADA DE PORTAS ABERTAS

Durante a mañá realizarase unha degustación gratuíta de viños en colaboración cas adegas participantes.

13,00 h

Cata-dirixida de viños e charla coloquio encamiñada á formación do sector hosteleiro e público en xeral que o solicite.

Este ciclo está dirixido por un prestixioso enólogo e non ten custe algún.

20,00 h

Realizarase unha última selección dos viños que pasarán á final, nas modalidades de adegas artesanais, grandes adegas e dos viños elaborados en barrica de madeira.

XOVES 14

A Asociación Cultural San Pedro de Cea seguirá coa venda de produtos artesáns e postres típicos no posto destinado a tal efecto por Albarousa.

17,00 h

GRAN CATA FINAL

Os viños que superaron as precatas anteriores entrarán na Gran Cata Final, haberá decisión do xurado do cal o notario dará fe.

O xurado da Cata está composto por enólogos, restauradores e adegueiros, así como unha representación da Comisión Organizadora. A súa decisión será inapelable.

A entrega dos premios será o sabado 16, as 20,30 h, na Praza da Peixería.

23,00 h

A animación folclórica correrá a cargo do grupo folc "Fume de Caroso", de Cabral, composto por 40 persoas, co que teremos o privilexio de gozar escoitando instrumentos tradicionais como acordeón, gaita, tamboril,...

A o peche da Mostra invitarase ós presentes a unha QUEIMADA patrocinada pola adega UVAS DE OURO (Simes - Meaño).

Actuación patrocinada pola Excma. Deputación de Pontevedra.

VENRES 15

Os dous días que quedan de feira, hoxe venres 16 e mañá sábado, correspóndelle o posto das asociacións benéficas a o colectivo de "Mulleres Rurais Anduriña", de Sobradelo, que porá á venda deliciosos postres caseiros feitos por elas mesmas co fin de recaudar fondos para a súa asociación.

Durante todo o día, as mulleres rurais farán unha exposición (ganchillo, bolillos,...) das súas labores feitas no centro social da entidade.

23,00 h

Actuación do grupo de danzas "Amor Ruibal", de Barro, que leva dende o 1983 apoiando e dando a coñecer o folclore popular galego.

No seu repertorio conta con muiñeiras, xotas, pandeiradas, pasodobres, ribeirás, etc..., co fin de amosar a cultura folklórica e os sentimentos que comunican os distintos bailes e músicas galegos, co que se contribúe á identificación do pobo co seu acervo cultural.

Emprega a vestimenta tradicional galega e instrumentos coma a gaita de fol nas modalidades de "aberto" e "pechado", pandeiretas, bombo e tambor.

Actuación patrocinada pola Excma. Deputación de Pontevedra.

SABADO 16

19,00 h

Apertura da Mostra. Pola mañá, a o ser a festividade de S. Roque, permanecerá pechada.

A asociación "Mulleres Rurais Anduriña" de Sobradelo estará hoxe ofrecéndonos os seus postres caseiros.

20,30 h

ENTREGA DE PREMIOS

Entrega de Medallas as adegas premiadas no recinto da Mostra (Praza da Peixería), coa presenza das autoridades e público.

Entregaranse os seguintes trofeos:

Medalla de Ouro, Prata e Bronce a os tres mellores clasificados nas modalidades “adegas de carácter industrial”, “adegas artesanais e barrica de madeira”.

Tamén se entregará o premio "Industrias San José" de Vilagarcía á mellor botella, tendo en conta o seu formato, etiqueta e presentación.


22:30 h

A actuación de hoxe estará ó cargo do Grupo de gaita e baile da asociación cultural "A Nosa Señora da Xunqueira", composto por 25 persoas.

Esta agrupación será a encargada de ofrecernos a os presentes o mellor do noso repertorio de baile rexional.

Actuación patrocinada polo Concello de Vilagarcía.

NOTA:
Tódalas Precatas e Cata Final celebraranse na sede de Albarousa, en Veiga de Abaixo, número 5, en Vilaboa.
Precatas: Días 11, 12 e 13 ás 20,00 h.
Cata Final o día 14 ás 17,00 h.
As catas serán públicas pero baixo o control do xurado de cata e coa presenza dun notario.



PRODUCTOS:

Botella de Albariño
Pulpo á Feira
Empanada
Chourizo Caseiro a o Albariño
Pementos de Padrón
Queixo
Taboa de Queixos
Filloa Artesanal á Pedra
Xamón
Carrillada de Porco fresca
Atún á Pedra
Chourizo Ibérico
Mexillóns
Chuleta de Tenreira á Pedra
Pan Artesanal
Auga
Postres e Refrescos (Á venda no posto das Asociacións)

ADEGAS:

Bodega Valdumia
Bodega Chaves
Bodega Veiga Serantes
Bodegas Escudeiro, s.l.
Adega "Torres de Calago"
Bodegas Núñez, s.l.
Bodega Quinteiro da Cruz
Bodega Casa da Barca
Bodega Tomada de Castro
Adega Durán
Bodega Franxamar
Bodega Terras de Lantaño
Adega Uvas de Ouro
Adegas Miniño
Adega Bouza do Rei
Adega Valdamor, s.a.
Bodegas Santiago Roma